

CEIP  
As Covas-Meaño

# Programación Xeral Anual



2022-23

**1.- Introducción.**

**2.- Obxectivos.**

**2.1.-Obxectivos específicos para o curso 2022/2023.**

**2.2.- Obxectivos co alumnado e o seu desenvolvemento.**

**2.3.- Obxectivos pedagóxicos.**

**2.4.- Obxectivos no ámbito de relación, integración e participación co entorno social e institucional.**

**2.5.- Obxectivos do ámbito de convivencia.**

**2.6.- Obxectivos de organización e xestión.**

**2.7.- Obxectivos de dinamización da lingua galega.**

**3.- Características físicas do Centro.**

**4.- Organización Xeral do Centro.**

**4.1.- Organigrama.**

**4.2.- Coordinación Docente.**

**4.2.1.- Equipos de Ciclo.**

**4.2.2.- Comisión de Coordinación Pedagóxica.**

**4.2.3.- Equipo de Dinamización da Lingua Galega.**

**4.2.4.-Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.**

**4.3.-Órganos de Goberno.**

**4.3.1.- Equipo Directivo.**

**4.3.2.- Consello Escolar.**

**4.4- Departamento de Orientación (PAD)**

**5.- Programación e calendario das reunións dos órganos de goberno, Departamento de Orientación e coordinación docente.**

**6.- Organización Pedagóxica.**

**6.1.- Liña Funcional Docente.**

**6.2.- Adscrición do Profesorado e Titorías.**

**6.3.- Distribución do alumnado.**

**6.4.- Distribución de aulas.**

**7.- Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ós/ás alumnos/as con n.e.a.e.**

**8.- Xornada Escolar.**

- 8.1.- Sesión Única.**
  - 8.2.- Redución horaria.**
  - 9.- Quendas de recreo.**
  - 10.- Libros de texto e demais materiais curriculares.**
  - 11.- Programa de Actividades do Concello e ANPA**
  - 12.- Plan para a potenciación e organización das relacións coa Comunidade e a familia.**
  - 13.- Biblioteca.**
  - 14.- Utilización das instalacións do centro.**
  - 15- Apoio ao Plan de Acción tutorial.**
  - 16.- Programas e/ou Proxectos de Innovación Educativa.**
    - 16.1. Centro Plurilingüe:**
    - 16.2.- Plan Proxecta**
    - 16.3.- PFPP**
    - 16.4.- ABALAR/ E-DIXGAL**
    - 16.5.- Bibliotecas Creativas.**
    - 16.6.- Contratos-Programa.**
    - 16.7.- PLAMBE.**
    - 16.8.- Programa XOGADE.**
    - 16.9.- Plan de igualdade.**
    - 16.10.- Centro referente en dereitos da infancia e cidadanía (UNICEF)**
    - 16.11.- Plan Madruga.**
    - 16.12.- Paseniño.**
    - 16.13.- Músicas dos cambios horarios e recreos.**
    - 16.14.- PDI de centro.**
    - 16.15.- Polos creativos.**
  - 17.- Horario atención ao público**
  - 18.- Transporte escolar.**
  - 19.- Escola de familias.**
  - 20.- Plan Dixital.**
- ANEXOS**

## 1.- INTRODUCCIÓN.

Curso 2022-23. Deixamos por fin atrás a pandemia orixinada pola COVID-19. Deixamos tamén atrás as restricións e corsés educativos que vivimos as escolas nos últimos dous anos e miramos cara ao futuro. Este, sempre impredecible, sitúanos nun contexto de inicio inesperado, convulso e tristemente inxusto para todas e todos nós. Non é o escenario agardado.

Queremos que as primeiras verbas desta Programación Xeral Anual sexan para transmitir ao Claustro de profesorado, ao Consello Escolar e en definitiva a toda a Comunidade Escolar unha idea e un sentir: superaremos as adversidades e saldremos deste curso máis fortes e máis unidas/os.

O proxecto educativo xestado nos últimos seis anos é honesto e sincero cos seus obxectivos. Se logo de todo este tempo todavía continúa vixente é porque existe unha Comunidade Escolar que o sustenta e soporta: alumnos e alumnas, mestras, mestres, familias, inspección educativa, persoal non docente, veciñas e veciños de Meaño, compañeiras e compañeiros de profesión cos que nos retroalimentamos e reafirmamos nunha idea clara e concisa: outra escola.

Manifestaba Paulo Freire no seu libro “Pedagogía dos soños posibles”:

*“Aí, daqueles e daquelas entre nós que abandonen a súa capacidade para soñar e inventar a súa coraxe”.* Así deste xeito propoñemos dende o equipo directivo encetar o curso que se asoma, con capacidade para seguir soñando e construíndo o proxecto de escola que queremos e coa suficiente coraxe para afrontar as vicisitudes coas que iniciamos o trimestre. Non será nada doado pero traballaremos con esforzo e ilusión para conseguilo.

Lembrems que o CEIP As Covas-Meaño acolle cada día a 144 nenas e nenos que teñen todo o dereito do mundo a unha infancia plena e a desenvolver as súas aptitudes ao máximo das súas capacidades. Para iso estamos os profesionais do ensino e para iso precisamos máis que nunca de toda a Comunidade Escolar. Neste sentido, queremos deixar recollido neste comezo que incidiremos especialmente ao longo do curso neste elemento fundamental

para todas e todas nós: vertebrar e construír unha comunidade educativa viva, visible e activa.

A PXA (Programación Xeral Anual) é un documento expositivo e planificador. Nel amósanse cales son os programas, plans, estratexias, proxectos, programacións metodolóxicas... en resumo, é unha declaración de intencións e un xeito de amosar á Comunidade Educativa de maneira desglosada a intencionalidade educativa do claustro de mestres e mestras. A PXA concreta e especifica o Proxecto Educativo da escola.

É un documento elaborado e compartido polos equipos didácticos, coordinacións de ciclos, departamento de orientación e coordinado polo Equipo Directivo do centro. O correcto desenvolvemento da planificación didáctica e temporal exposta está estreitamente relacionado coa consecución dos obxectivos marcados para o presente curso. A PXA garante o desenvolvemento coordinado da acción educativa e a resposta á diversidade do alumnado, así como o correcto exercicio das competencias dos distintos órganos de goberno e a participación de toda a comunidade educativa. En definitiva, a PXA constitúe un punto de partida mais tamén un dos marcos principais de desenvolvemento no transcurso do ano académico.

Para rematar esta introdución queremos apelar, tal e como o foi ata o de agora, ao espírito do traballo en equipo, do proxecto común, de arrimar o ombreiro... en definitiva de ser proactivo/proactiva, pensar non soamente no que esta escola me pode aportar a min, se non precisamente en todo o contrario: que podo aportar eu a esta escola e ao seu proxecto. Non somos illas, non somos arquipélagos; somos unha Comunidade Educativa (profesionais da educación, familias, nenos e nenas, persoal non docente) que debemos actuar de maneira vehiculada e conxunta, tomando decisións, debatendo, xestionando as diferencias ou discrepancias e sempre, sempre aportando. Só a proactividade e a aportación á comunidade son garante de avance, so así deste xeito conseguiremos seguir camiñando e mellorando a acción, o benestar e calidade educativa no CEIP P. de Meaño-As Covas.

## 2.- OBXECTIVOS.

### 2.1. Obxectivos específicos para o curso 2022/2023.

1. Poñer en marcha no presente curso o comedor escolar.
2. Avanzar nas estratexias metodolóxicas que favorezan a mellora na aprendizaxe do alumnado.
3. Profundizar no ámbito da avaliación como parte do proceso de aprendizaxe e implementar novas ferramentas de avaliación na práctica educativa.
4. Educar a escoita activa. Implementar prácticas e dinámicas nas asembleas de aula.
5. Ámbito matemático: Asentar e vertebrar documentación interna de centro que amose secuenciación e estratexia metodolóxica utilizada.
6. Linguas: mellorar a competencia lingüística do alumnado con exposicións orais, clubs de lectura e a creación de textos instrumentais.
7. Ciencias: fomentar o coñecemento do entorno natural, físico e cultural do alumnado así como o seu coidado dende a observación e a experiencia.
8. Actualizar a páxina web do centro.
9. Aprobar novas NOF (**Anexo 12**).
10. Actualizar Proxecto Educativo.
11. Elaboración do Plan Dixital de Centro (**Anexo 9**).
12. Retomar dinámicas das Escolas de Familias en coordinación coa ANPA "A Toxa".
13. Manter comunicación fluída e directa coa ANPA "A Toxa".
14. Retomar a estrutura organizativa en relación ás Comisións de Familias.

15. Seguir avanzando e construíndo en relación ao proxecto de renovación dos espazos exteriores.
16. Fomentar interese pola lectura dende a biblioteca co proxecto integrado anual "A fotografía".
17. Acadar maiores cotas de interdisciplinariedade entre ambas etapas de Ed. Infantil e Ed. Primaria.
18. Mellorar os espazos e dinámicas de recreo do alumnado.
19. Actualizar plan de Convivencia.
20. Afondar na mellora estética dos edificios, aulas e corredores...
21. Educación emocional como necesidade vital do alumnado e porta de acceso á aprendizaxe...
22. Estratexias e habilidades do pensamento na Educación Infantil e Primaria.
23. Manter e asentir os vínculos con escolas de Educación Infantil e Primaria cun perfil pedagóxico e metodolóxico similar ao do CEIP P. As Covas-Meaño.
24. Maior transferencia do PFPP á liña metodolóxica do centro.
25. Afondar na necesidade de crear Comunidade Educativa a través das canles creadas: comisións de patio e biblioteca, escola de familias.
26. Avanzar na presenza de comunidades de aprendizaxe e participación das familias na vida cotiá da escola.
27. Retomar a normalidade no tramo horario do "Paseniño", como espazo necesario para avanzar no ideario de escola amable e democrática.
28. Consolidar na dinámica de centro as aportacións/donacións que realizan as familias de Ed. Infantil e Ed. Primaria en relación ao material educativo, como práctica favorecedora de xestión e economización do material escolar. Complementar ao mesmo tempo as dinámicas existentes de traballo en equipo/cooperativo.

29. Establecer comisións xestoras en cada ciclo educativo para coñecer e trasladar ás familias as inversións e gastos realizados coas aportacións/donacións realizadas no comezo de curso (representantes do profesorado e das familias).
30. Recobrar dinámicas escolares paralizadas durante o curso escolar pasado entre elas: “día de rodas”, uso compartido do material ... e todas aquelas que a avaliación da pandemia e as instrucións que se reciban dende as autoridades educativas e sanitarias permitan implementar ao longo do curso.
31. Manter dentro dos tramos horarios do alumnado tempos para saídas e realización de aulas na natureza, en consonancia coa medida/proxecto iniciada fai dous cursos “Dende Meaño”, e como parte importante do PDI actual (Imaxe e fotografía).
32. Actuar e traballar de maneira coordinada, en base aos acordos que asuma o claustro do profesorado e o equipo directivo do centro.
33. Actualizar a concreción curricular correspondente á etapa de Educación Infantil.
34. Montar e acondicionar o espazo Atelier proposto no último Consello Escolar, incluíndo no mesmo os Polos Creativos.
35. Convocar asembleas xerais para toda a Comunidade Escolar.

## **2.2. Obxectivos co alumnado e o seu desenvolvemento.**

1. Fomentar o pleno desenvolvemento da personalidade do noso alumnado, axudándolle a aprender, razoar e tomar decisións por si mesmos.
2. Coñecer e recoñecer as fortalezas e debilidades nun mesmo: autoconhecimento e Intelixencias Múltiples.



3. Conseguir xerar actitudes de persoas que resoven as súas discrepancias facendo uso da palabra, a reflexión e o razoamento. Nunca da violencia.
4. Desenvolver a capacidade de interacción e rol social. Saúde (física e mental).
5. Ter sentido crítico e aumentar a autoestima.
6. Aprender a escoitar.
7. Construír unha imaxe de si mesmos na que acepten as súas limitacións e coñecemento das súas posibilidades.
8. Dotar de habilidades emocionais: traballo das emocións (filosofía para nen@s),
9. Fomentar a creatividade e a empatía.
10. Dotar ao alumnado das estratexias que se derivan da aprendizaxe baseado nas habilidades do pensamento (TBL).

### **2.3. Obxectivos pedagóxicos.**

1. Priorizar o realmente de interese e funcional para os alumnos e alumnas, procurando enxerir a acción educativa dentro do seu contexto sociocultural.
2. Establecer un deseño metodolóxico que integre as estratexias máis axeitadas para favorecer a motivación e a actividade eficaz dos alumnos: Ambientes educativos e contextos de aprendizaxe.
3. Focalizar o campo de acción na actividade interdisciplinar, internivel e a aprendizaxe significativa e funcional.
4. Propiciar situacións de comunicación para crear un clima favorable.
5. Desenvolver a socialización do alumnado a través do traballo cooperativo como complemento do individual.

6. Respeitar os tempos evolutivos en relación á construción da aprendizaxe e desenvolvemento integral dos nenos e nenas.
7. Procurar que os noso alumnos adquiran os medio necesarios para o acceso á cultura do noso tempo, ben sexan estes instrumentais ou científicos.
8. Estimular no alumnado a adquisición de hábitos e dinámicas funcionais para a vida, facendo que se sinta protagonista da súa propia educación e intentando conseguir o maior grao de preparación intelectual, ética, social e física.
9. Deseñar ambientes educativos, espazos, contextos de aprendizaxe adecuados ao nivel de desenvolvemento do alumnado e dotar aos mesmos do material didáctico pertinente.
10. Traballar a transversalidade como fonte importante da adquisición de valores e actitudes.
11. Fomentar o respecto cara as diferenzas ideolóxicas, relixiosas, sociais, culturais..., para conseguir unha escola tolerante e participativa.
12. Realizar as diferentes exploracións e valoracións dos alumnos durante o seu período de estancia no centro educativo.
13. Confeccionar a historia pedagóxica do alumno a través dos diferentes protocolos de actuación que considere oportuno o equipo (Informe psicopedagóxico, rexistro adaptación, documento individual de adaptación curricular...). Incidirase na elaboración dende unha perspectiva proactiva de plans de prevención, tanto a nivel de detección como de intervención.
14. Informar ao Departamento de Orientación sobre as incidencias e situacións que poidan alterar o proceso de desenvolvemento do alumnado e a aplicación do Proxecto Educativo do Centro.
15. Realizar seguimento dos alumnos, con maiores necesidades por parte dos diferentes profesionais a través dos casos clínicos que se poden expor de maneira periódica.

16. Propoñer iniciativas e experiencias pedagóxicas e de innovación.
17. Realizar entrevistas persoais coa familia ou tutores, para informar, aclarar puntos de vista, resolver situacións ou orientar acerca de circunstancias determinadas.
18. Avaliar de común acordo os resultados obtidos e estudar as posibilidades de corrección das anomalías detectadas.
19. Valorar todos os aspectos de maneira interdisciplinar no momento da alta ou posible matrícula dun novo alumno/a.
20. Levar a cabo un seguimento e valoración da consecución dos obxectivos do propio equipo, reflectidos en Plan Xeral Anual e posteriormente avaliados na Memoria Final.
21. Realizar diferentes propostas á Dirección do Centro para a mellora, o benestar e calidade de vida do alumnado.
22. Identificar as necesidades educativas, sociais e asistenciais do alumno/a.
23. Coordinar as actividades de intervención psicopedagóxicas e orientación educativa.
24. Detectar e identificar situacións de risco para o alumno/a.
25. Informar á familia/titor da situación real do alumno/a.
26. Favorecer a implicación e participación das familias/tutores no proceso educativo asistencial do alumnado.
27. Coordinarse no propio centro así como con outros centros e institucións que teñan vínculo coa escola.
28. Impulsar a formación permanente do profesorado como indicador prioritario para a calidade de ensino do centro.

#### **2.4. Obxectivos no ámbito de relación, integración e participación co entorno social e institucional.**

1. Proporcionar ao profesorado os medios e condicións que lle permitan desenvolver unha acción educativa de calidade.
2. Integrar na vida do centro aos alumnos, pais, mestres e persoal non docente, facilitándolle as canles de información e participación.
3. Distribuír competencias, responsabilidades e funcións a fin de conseguir unha xestión verdadeiramente participativa.
4. Organizar axeitadamente os espazos do centro.
5. Fomentar a colaboración da nosa escola con outros colexios, asociacións, organismos sociais e/ou culturais como forma de enriquecer a nosa personalidade educativa e de centro.
6. Abrir o centro, cos seus medios e dependencias, ás demandas sociais e culturais do entorno.
7. Implicar ao centro na mellora do contexto social ao que se circunscribe.
8. Facer participe á comunidade educativa do feito educativo.

#### **2.5. Obxectivos do ámbito de convivencia.**

1. Establecer un marco de convivencia baseado nun regulamento de réxime interno que permita a todos os membros da comunidade escolar facer uso dos seus dereitos sen esquecer as súas obrigas.
2. Consegir que a convivencia no centro, baseada no diálogo, o respecto e a estima, permita o nacemento de vencellos de amizade e comunicación.
3. Procurar a participación de todos os sectores na tarefa educativa.
4. Potenciar e facilitar as actividades de formación do profesorado para a súa aplicación práctica na aula e propiciar a liña única metodolóxica.

5. Fomentar o compromiso solidario co entorno e a colectividade na que se integra a escola.
6. Fomentar hábitos cívicos.
7. Integrar a todos o compoñentes da Comunidade Educativa neste Proxecto Educativo, transmitir a ilusión e convencemento que temos no mesmo.

## **2.6. Obxectivos de organización e xestión.**

1. Máxima transparencia nas informacións, comunicacións e participacións na vida do centro.
2. Conseguir unha identidade de centro: O CEIP P. de Meaño-As Covas.
3. Ser coherentes entre os principios e liñas metodolóxicas deseñados así como na acción educativa de centro.
4. Potenciar as canles de información, comunicación e participación no Centro.
5. Xestionar con responsabilidade e prioridade pedagóxica e educativa os recursos económicos do Centro.
6. Impulsar a xestión democrática en todos os aspectos da vida escolar.
7. Asumir a autonomía do centro, curricular e organizativa.
8. Organizar adecuadamente o tempo e os espazos para obter o máximo aproveitamento.
9. Establecer vías estables de comunicación coa Comunidade Escolar.
10. Implicar a toda a Comunidade Educativa no proxecto de centro.
11. Favorecer un clima de tolerancia entre todos os membros da Comunidade Educativa resolvendo os conflitos por medio do diálogo e participación responsable.

12. Potenciar o sentido de pertenza ao CEIP P. de Meaño-As Covas.
13. Planificar metas a longo e curto prazo que favorezan a calidade de organización e xestión do centro.
14. Propiciar e concibir o traballo en equipo como unha necesidade de centro.
15. Propiciar o debate de ideas.
16. Controlar o proceso de organización escolar para asegurar que as actividades previstas e acordadas se axusten ao planificado ou acordado.

## **2.7. Obxectivos de Dinamización da Lingua Galega**

1. Potenciar o uso do galego na vida escolar.
2. Manter actualizado o proxecto lingüístico de centro (**Anexo 1**) e concreción no Proxecto de Dinamización da Lingua Galega (**Anexo 2**)

## **3.- CARACTERÍSTICAS FÍSICAS DO CENTRO.**

O centro está constituído por dous edificios. No principal, durante o presente curso estarán situadas, na planta baixa, as tres aulas correspondentes aos diferentes niveis de educación infantil, baños do alumnado de infantil e almacén de infantil (ao fondo do corredor), aula de música, aula de psicopedagogía terapéutica, comedor e a zona administrativa (sala de mestres, dirección e despacho de Orientación), baños dos mestres e mestras. Na primeira planta estarán as aulas de 3º, 4º, 5º e 6º curso de primaria, así como a biblioteca, aula de psicomotricidade e un almacén que está situado ao fondo do corredor principal.

No segundo edificio situaranse as aulas de 1º e 2º curso de primaria, o novo espazo *Atelier*, así coma 2 almacéns (un de xogos e outro de material de xardinería).

No exterior, o centro conta con tres pistas deportivas (baloncesto, futbito e brilé), dúas zonas cubertas, patio de infantil e unha grande zona verde. Dentro da área escolar, hai un acceso a un pavillón municipal onde se desenvolven as aulas de educación física.

Acondicionouse parte da zona verde de acceso ao edificio principal e dotouse de estruturas de madeira: cociña, túnel de bimbios, tronco, estruturas con teas para esconderse, que permiten diferentes alternativas de xogo para albergar o recreo dos nenos e nenas de Ed. Infantil. Este espazo permite contar cunha gran zona de sombra para os días de calor. Retomamos o uso do barco como espazo para lectura durante os recreos. A zona sur do colexio ten un pequeno almacén de nova construción.

Subindo as escaleiras está o estanque e esta zona está dotada tamén de diversas alternativas de xogo para o alumnado: monte de area, rocódromo e un gran invernadoiro para desenvolver actividades de horto escolar.

Ao lado das pistas de futbito e brilé existe unha zona verde acondicionada e dotada con materiais naturais para construción libre e creativa de diferentes estruturas para o alumnado de educación primaria. Ademais os espazos exteriores contan con 3 amplos lavadoiros para mans, e favoreceren así a hixiene do alumnado durante o recreo e actividades no exterior. Ademais retirouse todo o cerramento metálico exterior que foi substituído por muros baixos, para favoreceren unha mellor visibilidade e convidar a toda a comunidade educativa a gozar duns espazos acolledores.

A descrición referida aos espazos exteriores que se vén de facer forma parte do proxecto de renovación de espazos exteriores iniciada hai agora cinco cursos e que ten como obxectivo principal promover espazos de xogo e aprendizaxe máis diversos, inclusivos e coeducativo.

Debemos recoller nesta Programación Xeral Anual a aprobación por parte da Xefatura Territorial de Educación de Pontevedra do cambio das cubertas dos dous edificios que conforman o CEIP P. de Meaño-As Covas. Dita obra, aprobada xa no final do curso 2020-21, non se puido materializar ata o de agora debido a cuestións relacionadas ás casuísticas de impacto da COVID-19 no sector da construción.

Entendemos que ao ser unha obra aprobada no curso anterior, procede e estamos no noso dereito a continuar reclamando melloras estruturais para a nosa escola, entre elas destacaremos:

- Renovación completa dos servizos e lavabos de todo o centro.
- Cambio de falsos teitos e luminarias do edificio novo.
- Integración das renovacións estruturais do centro cun plan eficiencia enerxética.
- Renovación da carpintería de todo o colexio.
- Renovación das pistas asfaltadas.

#### 4.- ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO.

##### 4.1. Organigrama.

Director	Xefa de Estudos	Secretario
Paulo Nogueira Porto	Raquel Vilanova de la Torre	Alberto Giadanes Abel

Claustro de mestres/as	
Raquel Vilanova de la Torre	Montserrat Tenorio Glez. (itinerante)
Mª Alexandra García Carracedo	Rosa Ana Pazos Glez.
Luisa Mallo Pereira	María Victoria Leronés Herrero (itinerante)
Mª Pilar Martínez Martínez	Albina Lorenzo Lorenzo
Mª Gloria Bodega Pérez	María Souto Lorenzo
Laura Iglesia Vila	Diego Aperador Rodríguez
Inmaculada García Fdez.	Manuel Graña Bouzada (itinerante con base en CPI Mosteiro-Meis)



Paulo Nogueira Porto Javier Enrique Mur Isaiz Alberto Giadanes Abel	Paula Misa Peralba (substituta) Mestre/a PROA +
Auxiliar de conversa	
Marian Joyce Valera	

Equipos docentes	
Educación Infantil	Educación Primaria
Raquel Vilanova de la Torre (Internivel A) Mª Alexandra García Carracedo (Internivel B) Luisa Mallo Pereira (Internivel C) Mª Pilar Martínez Martínez (Apoio/Prox. Ed../Coord)	Mª Gloria Bodega Pérez (1º) Laura Iglesia Vila (2º) Inmaculada García Fdez.(3º) Paulo Nogueira Porto (4º) Javier Enrique Mur Isaiz (5º) Alberto Giadanes Abel (6º)

Equipos didácticos		
Dinamización Lingüística	Comisión de Coord. Pedagógica	Departamento de Orientación
Albina Lorenzo Lorenzo (Coord.)	Montserrat Tenorio Glez. (Orientadora)	Montserrat Tenorio Glez. (Xefa D.O.)

<p>Raquel Vilanova de la Torre</p> <p>Alberto Giadanes Abel</p> <p>Montserrat Tenorio Glez.</p>	<p>Paulo Nogueira Porto (Dir./titor 4º)</p> <p>Raquel Vilanova de la Torre (X.E./titora internivel A)</p> <p>Alberto Giadanes Abel (Secret./titor 6º)</p> <p>Rosa Ana Pazos Glez. (P.T.)</p> <p>María Victoria Leronés Herrero (A.L.)</p> <p>Albina Lorenzo Lorenzo (Coord. DLG)</p> <p>Laura Iglesia Vila (titora 2º)</p> <p>Mª Gloria Bodega Pérez (Coord. Biblioteca/titora 1º)</p> <p>Javier E. Mur Isaiz (titor 5º)</p> <p>Inmaculada García Fdez. (titora 3º)</p>	<p>Rosa Ana Pazos Glez. (P.T.)</p> <p>María Victoria Leronés Herrero (A.L.)</p> <p>Mª Pilar Mtnez. Mtnez. (Coord. Infantil)</p> <p>Titores/as de primaria (coord. de nivel)</p>
<p>Comisión de act. Extraescolares</p>	<p>Comisión TIC</p>	<p>Biblioteca</p>
<p>Paulo Nogueira Porto (Coord.)</p> <p>Laura Iglesia Vila</p> <p>Mª Gloria Bodega Pérez</p> <p>Luisa Mallo Pereira</p> <p>Mª Pilar Mtnez. Mtnez.</p> <p>Inmaculada García Fdez.</p> <p>María Victoria Leronés Herrero</p>	<p>Javier E. Mur Isaiz (Coord. Abalar/Edixgal)</p> <p>Alberto Giadanes Abel</p> <p>María Souto Lorenzo</p>	<p>Mª Gloria bodega Pérez (Coord.)</p> <p>Laura Iglesia Vila</p> <p>Luisa Mallo Pereira</p> <p>Mª Pilar Mtnez. Mtnez.</p> <p>Inmaculada García Fdez.</p> <p>María Victoria Leronés Herrero</p> <p>Rosa Ana Pazos Glez.</p>

Rosa Ana Pazos Glez.		Javier E. Mur Isaiz
Javier E. Mur Isaiz		María Souto Lorenzo
María Souto Lorenzo		

## 4.2. Coordinación Docente.

### 4.2.1.- Equipos de Ciclo.

A coordinación entre o profesorado adscrito ao claustro é condición necesaria para o correcto desenvolvemento da acción educativa, ademais de cumprir unha función organizativa, previsoría, de intercambio ou mesmo de retroalimentación.

As mestras e mestres titores das etapas educativas existentes na escola manterán xuntanzas semanais (espazo horario reservado os martes á tarde) que se adicarán fundamentalmente ás seguintes premisas:

Ed. Infantil:

- ★ Organización das propostas de traballo común para os grupos internivel existentes no centro.
- ★ Exposición por parte do profesorado de ideas e/ou materiais que incluír dentro dos espazos ou recantos existentes nas aulas.
- ★ Recollida e documentación das observacións de aula.
- ★ Acordos de ciclo para un traballo común nos grupos internivel existentes no centro.
- ★ Talleres/obradoiros: materiais, ofrecementos, deseño e dotación de recantos existentes.
- ★ Ambientes de aprendizaxe: “Arte”, “Construción e Hábitats” e “Experiencias sensoriais”, deseñados para favorecer a circulación libre do alumnado durante 3 días á semana.

Ed. Primaria:

- Organización das propostas de traballo relacionadas cos Contextos de Aprendizaxe de maneira que garantan vertebración entre todos os niveis da etapa de Primaria.
- Recollida e documentación dos procesos de avaliacións comúns aos tramos referencias de titoría e contextos de aprendizaxe.
- Valoración semanal dos espazos horarios comúns: intercambio de experiencias/materiais ao respecto de asembleas de aula, exposicións orais.
- Establecemento de acordos e criterios comúns á etapa para o desenvolvemento da acción educativa nos distintos niveis.
- Recollida documental dos proxectos e propostas interdisciplinares dos Contextos de Aprendizaxe.

As xuntanzas están abertas a novas propostas e criterios que o profesorado propoña e que se acepten pola maioría como válidas e en consonancia co Proxecto Educativo da escola.

#### 4.2.2.- Comisión de Coordinación Pedagóxica.

No presente curso escolar pretende:

- Continuar co deseño do proxecto curricular de Centro
- Desenvolver o Plan de Acción Titorial.
- Revisar e actualizar os mínimos esixibles para troco de nivel segundo o caso.
- Propoñer e organizar a elaboración de indicadores das Competencias lingüísticas

Está composta pola Xefa de Estudos, o Director, os/as Coordinadores/as de nivel, as mestras de PT e AL, a Orientadora, a Coordinadora de Dinamización da Lingua Galega e a Coordinadora da Biblioteca.

Reunirase con periodicidade mensual e realizará dúas sesións extraordinarias: unha ó principio de curso e outra ao final.

O Departamento de Orientación reunirase cunha periodicidade semanal e unha vez ao trimestre, tamén coa directora do CRA de Meis.

#### 4.2.3.- Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

A coordinadora do Equipo desempeñará a súa función durante dous cursos consecutivos, como marca a lei.

Reunirase cunha periodicidade mensual e realizará dúas sesións extraordinarias unha a principio de curso e outra ao finalizar.

Encargarase de realizar o Proxecto Lingüístico de Centro (**Anexo 1**).

#### 4.2.4.- Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

O seu coordinador desempeñará a súa función, tal como marca a lei, e estará composto para cada actividade polos profesores/as implicados/as nela.

A periodicidade das reunións é trimestral e farán 2 extraordinarias (principio e final de curso).

Realizará no presente curso escolar actividades relacionadas coas conmemoracións indicadas no DOG, tendentes a salientar a importancia das mesmas. Ao mesmo tempo coordinarase co resto de equipos e coordinacións existentes na escola para vertebrar todo o que teña relacións coas actividades extraescolares.

### 4.3. Órganos de Goberno.

#### 4.3.1.- Equipo Directivo.

Don Paulo Nogueira Porto presentou candidatura á dirección do centro no curso 2014/2015, sendo elixido pola comisión de valoración para desenvolver dito cargo entre os cursos 2015/16 e 2018/2019 e sendo reelixido por un período doutros catro cursos escolares (ata o 2022-2023). O equipo directivo, no presente curso, constitúese do seguinte xeito:

\* Paulo Nogueira Porto como Director.

\* Raquel Vilanova de la Torre como Xefa de Estudos.

\* Alberto Giadanes Abel como Secretario.

#### 4.3.2.- Consello Escolar.

Mestres/Mestras	Pais/Nais	Representante ANPA	Representante Concello
Montserrat Tenorio Glez. M <sup>a</sup> Gloria Bodega Pérez Rosa Ana Pazos Glez. Albina Lorenzo Lorenzo	Olalla Rguez. Balboa M <sup>a</sup> Ángeles Fdez. Miniño Alicia Lores Padín Mónica García Lobato	Enrique J. Ortigueira Valcárcel ANPA "A Toxa"	María Estévez Barbeito
Representante de servizos	Director	Xefa de Estudos	Secretario
.....	Paulo Nogueira Porto	Raquel Vilanova de la Torre	Alberto Giadanes Abel
Comisión económica	Comisión de autoprotección	Observatorio de convivencia/	Comisión de Biblioteca

		Comisión de igualdade	
Paulo Nogueira Porto	Paulo Nogueira Porto	Paulo Nogueira Porto	Raquel Vilanova de la Torre
Alberto Giadanes Abel	Alberto Giadanes Abel	Raquel Vilanova de la Torre	Mª Gloria Bodega Pérez
Mónica García Lobato	Mª Ángeles Fdez. Miniño	Montserrat Tenorio González	Olalla Rodríguez Balboa
Enrique J. Ortigueira Valcárcel	María Estévez Barbeito	Alicia Lores Padín	Enrique José Ortigueira Valcárcel
	Enrique J. Ortigueira Valcárcel	Enrique J. Ortigueira Valcárcel	Encargada B. Municipal (Marisol)

#### 4.4. Departamento de Orientación (PAD)

O marco teórico no que se insire a orientación educativa é aquel no que se entende esta como un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa, comezando dende a escolarización do neno e nena e rematando ó finalizar as ensinanzas regradas non universitarias. Así, unha concepción sistémica da orientación, na que todos os seus compoñentes están relacionados e inflúen entre si (alumnado, centro, familia e sociedade) e na que se integran aspectos relativos ó desenvolvemento persoal, ó proceso de ensino-aprendizaxe e á toma de decisións.

A orientación educativa e profesional establécese como un dos principios fundamentais na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. Enténdese como unha actuación inherente á propia actividade educativa, que trata de contribuír á formación da personalidade e ó desenvolvemento integral do alumno e alumna e á optimización do proceso de ensino-aprendizaxe mediante o axeitado asesoramento a todos os axentes da comunidade educativa.

Neste momento non hai aínda novas disposicións legais que organicen a orientación educativa polo que o noso marco de referencia é o establecido polo Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se organiza a orientación educativa

e profesional en Galicia e pola Orde do 24 de agosto do 1998 que o desenvolve.

Este Decreto establece o sistema de orientación en tres niveis:

- 1.- Acción tutorial
- 2.- Departamentos de Orientación dos centros educativos
- 3.- Equipos de Orientación Específicos de ámbito provincial.

No referido ás liñas de actuación prioritarias para este curso, basearémonos nas propostas incluídas na Circular 18/2007 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional e que determina entre outros os ámbitos seguintes:

- Atención á diversidade.
- Actuacións do plan de acción tutorial.
- Promoción da convivencia.
- Participación e implicación das familias.
- Actualización e elaboración dos documentos que integran o PEC.

Este Plan de Orientación confórmase como un plan de actuación común que trata de resposta dun xeito equilibrado ás necesidades prioritarias dos dous centros compartidos: CEIP Plurilingüe de Meaño “As Covas” /CRA de Meis, para garantir unha orientación e asesoramento permanente ó alumnado, profesorado e familias e, asemade, para formar parte da dinámica de traballo e da vida educativa en ámbolos dous contornos.



## **5.- PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO, DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN E COORDINACIÓN DOCENTE.**

### **5.1. Órganos Colexiados de Goberno**

#### *A- Consello Escolar*

Reunirase en sesión ordinaria:

- a) Mes de outubro para a aprobación da PXA.
- b) Mes de xaneiro para a aprobación do presuposto do Centro (estado de contas).
- c) Última quincena de xuño para o estudo e informe da Memoria Final do Centro.

Reunirase en sesión extraordinaria tantas veces coma se precise ao longo do Curso escolar.

#### *B- Claustro de Mestres/as*

Reunirase en sesión ordinaria:

- a) 1ª quincena de setembro para reparto de cursos, titorías (Adscrición).
- b) 1ª quincena de setembro para comprobar a adecuación aos criterios establecidos na elaboración de horarios (observacións ou reparos).
- c) 1ª quincena de outubro para achegar suxestións para a elaboración da PXA.
- d) Última quincena de xuño para o estudo da Memoria, achegando suxestións e consideracións, emitindo o perceptivo informe que se incorporará á devandita memoria.

Reunirase tamén antes de cada Consello Escolar para estar informado dos temas que se van tratar.

Reunirase en sesión extraordinaria tantas veces como se precise ó longo do curso escolar.

## **5.2. Órganos Unipersoais**

### *Equipo Directivo*

Estes órganos de goberno velarán pola efectiva realización dos fins da educación, pola mellora da calidade do ensino e a configuración dun auténtico ensino galego, con total respecto aos principios básicos da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Garantirán o exercicio dos dereitos recoñecidos aos escolares, mestres/as, pais/nais.

Favorecerán a participación efectiva de todos os membros da Comunidade Educativa na vida de centro, na súa xestión e avaliación.

Tendo en conta as propostas de mellora para o actual curso 2022-2023 recollidas na Memoria do curso pasado, o Equipo Directivo propónse uns obxectivos a curto e medio prazo.

## **5.3. Coordinación Docente**

### *A- Equipos de Ciclo (funcionamento interno)*

Reunións semanais.

A asistencia é obrigatoria para tódolos seus membros e das devanditas sesións levantará acta o/a coordinador/a co resumo do tratado.

### *B- Comisión de Coordinación Pedagóxica*

- 1ª quincena de outubro- sesión extraordinaria (comezo curso).
- 1ª quincena de xuño- sesión extraordinaria (fin de curso).

Reunións, aparte das anteriores, polo menos unha vez ao mes.

#### C- Equipo de Dinamización Lingüística

- 1ª quincena de outubro- sesión ordinaria (comezo curso).
- 1ª quincena de xuño- sesión ordinaria (fin de curso).

Reunións en sesións ordinarias alomenos unha vez ao mes.

#### D- Equipo de Actividades Extraescolares (Anexo 4)

- 1ª quincena de outubro- sesión ordinaria (comezo curso).
- 1ª quincena de xuño- sesión ordinaria (fin de curso).

As sesións ordinarias celebraranse tamén, ao menos unha vez ao mes así coma outras se considerase necesario .

Reuniranse convocados/as polo coordinador os/as mestres/as que queiran participar en actividades encamiñadas a celebrar as conmemoracións fixadas na PXA para o curso 2022-2023 así coma as actividades a potenciar o uso da biblioteca.

#### E- Titorías

- o Entrevista inicial individualizada cos pais/nais do alumnado de 4º de Infantil e alumnado novo desta etapa que se incorpore ao centro, para recadar datos e información referida a diversos ámbitos do desenvolvemento do neno/nena (saúde, control de esfínteres, alimentación, familia ...). Esta entrevista realízase na primeira semana de setembro, antes de comezar o *período de adaptación*.
- o Atenderase aos pais/nais os martes a partir das 18:00 h., previa cita cos respectivos titores/as, co fin de recoller información de todos os mestres/as que lle dan clase.

- o Reunión ou entrevista cos pais/nais da titoría, ciclo ou nivel, para expoñer as liñas xerais do plan do traballo, criterios de avaliación, no mes de outubro.
  - Educación Infantil (Interniveis A, B e C). Reunión conxunta para as familias da etapa.
  - Primeiro e segundo curso de Educación Primaria.
  - Terceiro, cuarto, quinto e sexto de Educación Primaria.

#### *F- Sexta hora*

A sexta hora (martes de 16:00h. a 18:30h.) será dedicado a reunións do Departamento de Orientación, Ciclos, Coordinacións, Comisión Pedagóxica, traballo persoal e atención ás familias.

Este curso a biblioteca estará aberta polas tardes ao alumnado todos os luns, mércores e xoves de 16:00h. a 18:00h, como en anos anteriores. O alumnado de infantil deberá ir acompañado dun adulto. Haberá unha quenda de permanencia.

#### **5.4. Departamento de Orientación.**

Reuniranse al menos unha vez ao mes, os martes de 16:45 a 17:45h. A esta reunión asistirán as mestras de P.T. e A.L., os coordinadores/as de nivel e a coordinadora de DLG, previa convocatoria da Orientadora.

Unha vez ao trimestre, a Orientadora do noso Centro reunirse coas orientadoras do C.E.I.P Coirón-Dena e a do IES de Meaño.

## 6.- ORGANIZACIÓN PEDAGÓGICA.

### 6.1.- Liña Funcional Docente.

PEC	PXA	PAD	MAC
Proxecto Educativo do Centro	Programación Xeral Anual do Centro	Programación das Actividades Docentes	Memoria Anual do Centro

#### *Infraestrutura.*

As liñas funcional e de apoio ou infraestrutura son coordinadas pola Dirección, sendo responsabilidade do Xefe/a de Estudos a primeira e a segunda responsabilidade do Secretario/a. A liña funcional docente relaciona todos os documentos oficiais interrelacionándoos co traballo escolar diario.

### 6.2.- Adscrición do Profesorado e Titorías.

Adscrición	Mestre/Mestra	Titoría/Cargo	Situación administrativa
Ed. Infantil	Raquel Vilanova de la Torre	Internivel A/X.E.	P. Definitiva
	M <sup>a</sup> Alexandra García Carracedo	Internivel B	P. Definitiva
	Luisa Mallo Pereira	Internivel C	P. Definitiva
	M <sup>a</sup> Pilar Martínez Martínez	Apoio/Prox. Ed./ Coord. ciclo/Coord. PFPP	P. Definitiva
	M <sup>a</sup> Gloria Bodega Pérez	1 <sup>o</sup> /Coord. Biblioteca/ Coord. Bibliotecas Creativas	P. Definitiva

Ed. Primaria	Laura Iglesia Vila	2º	P. Definitiva
	Inmaculada García Fdez.	3º/ Coord.Erasmus +	P. Definitiva
	Paulo Nogueira Porto	4º/Director/Coord. Extraescolares	P. Definitiva
	Javier E. Mur Isaiz	5º/Coord./Abalar/E-Dixgal	P. Definitiva
	Alberto Giadanes Abel	6º/Secretario/Coord. Plan Dixital	P. Definitiva
Inglés	Albina Lorenzo Lorenzo	Coord. EDLG	P. Definitiva
Relixión C.	Manuel Graña Bouzada		P. Definitiva
P. Terapéutica	Rosa Ana Pazos Glez. (PT)		P. Definitiva
	María Victoria Leronés Herrero (AL)		P. Interina
Orientación	Montserrat Tenorio Glez.	Xefa Departamento	P. Definitiva
Ed. Física	María Souto Lorenzo	Coord. Plurilingüe/ Aux.Conversa/Xogade /Proxecta/Coord. Tics	P. Definitiva
Ed. Musical/ Prox. Ed.	Diego Aperador Rodríguez		P. Definitiva

### 6.3.- Distribución do alumnado.

En Ed. Infantil, os agrupamentos son internivel, incluíndo alumnado de 3, 4 e 5 anos.

En Ed. Primaria os agrupamentos contemplan un primeiro tramo da mañá (referencia titoría) en adscrición nivel educativo/idade. Nun segundo tramo retómanse os agrupamentos internivel dos cursos 1º, 2º e 3º e tamén 4º, 5º e 6º.

A distribución do alumnado é a seguinte:

Etapa	Nivel	Nº alumnos/as	
Ed. Infantil	4º	15	Internivel A: 15
	5º	21	Internivel B: 15
	6º	9	Internivel C: 15
Ed. Primaria	1º	17	
	2º	18	
	3º	14	
	4º	14	
	5º	18	
	6º	16	

O alumnado de Ed. Primaria que accedan ao seguinte nivel ou Ciclo con materias suspensas terán, no seu expediente as medidas de reforzo educativo de cada área non superada, así coma unha Adaptación Curricular, nos casos nos que corresponda.

A decisión de promoción dun ciclo a outro será adoptada polo/a titor/a tendo en conta os informes do Equipo de profesores e profesoras e os resultados da avaliación. Contemplanse a decisión dende unha perspectiva integral e non

estritamente curricular. En todo caso estamos a falar sempre dunha medida extraordinaria.

#### **6.4.- Distribución de aulas.**

No edificio principal, para favoreceren a súa coordinación e tranquilidade, sitúanse 3 aulas de Infantil.

No mesmo andar, están as aulas de PT e Música.

No segundo andar do mesmo edificio, sitúanse 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria, aula de Psicomotricidade e Biblioteca.

No edificio novo quedan 1º, 2º e o novo espazo Atelier.

### **7.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON N.E.A.E.**

#### Ordinarias:

- o Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización da aula, ás características do alumnado.
- o Adecuación das programacións didácticas ao contorno do noso centro e ao alumnado.
- o Adaptación dos instrumentos de avaliación e dos tempos.
- o Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos diversos: heteroxéneos, homoxéneos, parellas, titorización por iguais e outras que promovan a inclusión.
- o Metodoloxías de corte construtivista, plans de traballo e traballo por proxectos.
- o Reforzo por parte das titorías.



- o Programas específicos personalizados desde a titoría para o alumnado que non promociona de ciclo ou que o fai sen ter acadadas todas as competencias.
- o Apoio por parte de profesorado con dispoñibilidade horaria (Primaria).
- o Mestra de apoio a Infantil (apoiado nas 3 aulas, en función das prioridades na atención educativa).
- o Programa de filosofía para nenos/as e de educación emocional.
- o Programa de estimulación da linguaxe oral.
- o Taller de competencia Lingüística e Taller de competencia matemática.
- o Programa de seguimento e prevención en Infantil e Primaria.

#### Extraordinarias:

- o Apoio dentro (ordinario) e fóra (extraordinario) da aula ordinaria por parte da mestra de pedagogía terapéutica.
- o Apoio mestra de AL (compartida co CEIP Espedregada).
- o ACS

#### Medidas a nivel de centro e aula:

Estas medidas afectan a todo o alumnado do centro, reflíctense no Proxecto Educativo, e son competencia de todo o centro. Como punto de partida e a nivel xeral cómpre destacar que cantas máis e mellores medidas se adopten a nivel de PEC e de Programación de aula, tanto de acceso como curriculares, menor será a adaptación que haberá que realizar a nivel individual.

No referido ás liñas de actuación prioritarias basearémonos nas propostas incluídas na Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos

de orientación educativa e profesional, no proxecto educativo de centro e nas propostas de mellora incluídas na memoria do departamento do pasado curso.

Destacamos os seguintes ámbitos de intervención:

- Programa de desenvolvemento emocional
- Inclusión e atención á diversidade
- Actuacións relacionadas co plan de acción tutorial
- Promoción da convivencia e da educación en valores
- Actuacións relacionadas cos procesos de avaliación e calidade.

No presente curso, no CEIP Plurilingüe As Covas, focalizaremos a atención en maior medida no desenvolvemento emocional e no apoio a alumnado con desfase curricular despois da situación extraordinaria do pasado curso. Asemade, á inclusión e medidas de prevención na atención á diversidade, á promoción dun enfoque de traballo e avaliación competenciais e á promoción da convivencia, tal e como se reflectirá no apartado dos programas prioritarios do Plan de actividades do departamento de orientación. Isto supón desenvolver tanto programas de intervención específicos para alumnado con neae como outros programas de corte xeral dirixidos a todo o alumnado do centro.

- Destacamos os seguintes programas e liñas prioritarias de actuación:
  - § Avanzar na posta en marcha do **Plan de prevención** en E Infantil e Primaria, coa colaboración das titorías: tipos de informe de seguimento, utilidade para as titorías,...
  - § Potenciar un enfoque de traballo e avaliación por competencias no centro, coa conseguinte repercusión metodolóxica: traballo cooperativo, por proxectos, obradoiros, Tics,...

- § Potenciar os apoios e os reforzos dentro da aula ordinaria, buscando modelos de colaboración entre titoría e reforzo máis inclusivos e realizando unha valoración trimestral global destas intervencións e dos informes ás familias, antes da sesión de avaliación.
- § Seguir potenciando e colaborar co profesorado do centro na elaboración dos Plans de reforzo para o alumnado con neae, alumnado que non promociona ou alumnado que promociona sen ter acadado as competencias básicas.
- § Nas aulas que contan cun número significativo de acneae en relación as dificultades de aprendizaxe lectoescritor, cálculo e déficit atencional promover a realización dun plan de atención á diversidade xeral:
  - § Medidas xerais (agrupamentos, traballo cooperativo, recantos, organización variada de tarefas e actividades,...)
  - § Adaptacións metodolóxicas non significativas.
- § Sistematizar as medidas e os protocolos (familias, profesorado, servizos sanitarios, departamento...) establecidos no novo plan de atención á diversidade.
- § Seguir avanzando nunha estreita colaboración profesorado de apoio-titoría: programas de intervención, seguimento, boletíns informativos ás familias, avaliacións,...
- § Equilibrar, dentro da aula ordinaria, o apoio brindado ó ACNEAE, de xeito que se optimice e se dirixa a atención educativa e os recursos persoais a todo o grupo, buscando, así mesmo, desenvolver a autonomía do alumnado, evitando unha excesiva dependencia do adulto no traballo.
- § Continuar desenvolvendo unha coordinación estreita coas familias (orientadora e profesorado de PTe AL), en estreita colaboración coas titorías, explicándolles as necesidades

observadas, as medidas deseñadas, a necesidade de poñelas en marcha, recomendacións para o ámbito familiar, intercambio de información sobre a coordinación mantida cos gabinetes de apoio externo...

§ **Coordinación externa:** Tentar unha maior coordinación entre os departamentos dos CEIP de Meaño e comarca, a educadora familiar do Concello e a Escola Infantil Municipal.

### **A nivel específico destacamos:**

**ADAPTACIONES NON SIGNIFICATIVAS:** Cómpre mellorar este ámbito reflexionando sobre liñas metodolóxicas base que benefician a atención á diversidade: proxectos, aprendizaxe cooperativa, tarefas funcionais, recantos...; e avanzando en estratexias metodolóxicas concretas na atención ó alumnado con neae como os apoios visuais, pasos para resolver problemas (autoinstrucións. ..), uso sistemático da axenda, ...

**EDUCACIÓN INFANTIL:** Como etapa fundamental e básica propoñémonos reconfigurar o noso sistema na abordaxe do desenvolvemento neuromotor, psicomotor e sensorial, estudando e mellorando a nosa intervención, fundamentalmente desde un plano preventivo.

Partindo da importancia que ten conseguir un bo desenvolvemento global do alumnado en Infantil como base primordial do seu futuro persoal e escolar, consideramos imprescindible realizar unha profunda análise como equipo, das liñas educativas clave nesta etapa para, deste xeito, poder reconfigurar e establecer un novo proxecto educativo consensuado. Entendemos que hai varios ámbitos ineludibles nesta reflexión: creatividade, pensamento, emocións, habilidades sociais, sensorialidade e psicomotricidade.

**APRENDIZAXE E MOVEMENTO:** Temos previsto iniciar este curso un estudo sobre a mellora na aprendizaxe, na atención, nas habilidades visuais ... a

través do movementos e o desenvolvemento neuromotor. Isto conlevará a introdución, de maneira experimental, nas aulas de actividades neste sentido e, fundamentalmente, implicará un cambio profundo nos protocolos de avaliación psicopedagóxica desenvolvidos polo departamento de orientación. Iniciamos un camiño formativo que cómpre continuar ó longo deste curso.

## **DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS**

Destacamos os seguintes criterios xerais para os apoios:

- Establecer medidas de atención á diversidade a nivel de aula e a nivel individual por parte das titorías e profesorado de área segundo as liñas xerais propostas no centro (PE, P ETAPA, P. NIVEL, PXAD).
- Priorizar a atención ó apoio dentro da aula ordinaria seguindo, na medida do posible, as dinámicas e as actividades formuladas para todo o grupo, coas adaptacións e recursos pertinentes. Avanzar na implementación de programacións multinivel, en sintonía cunha filosofía de DUA.
- Adaptar actividades de forma colaborativa, en base a criterios consensuados e crear e adaptar recursos para facilitar a autonomía e a aprendizaxe, seguindo un enfoque inclusivo.
- Por outra banda, cómpre salientar a importancia de buscar un equilibrio na atención ás diferentes necesidades educativas do alumnado con neae en cada clase, entendendo os reforzos e apoios como un recurso do grupo.
- Utilizar progresivamente estratexias de aprendizaxe cooperativa (titorización por iguais).
- Tendo en conta os apoios establecidos para este curso, destacamos a importancia de promover espazos de coordinación estable de todo o equipo de traballo: persoal docente, persoal laboral, persoal

externo e familia, a través da titoría, da xefatura de estudos e do departamento de orientación.

**Así mesmo cómpre ter en conta que:**

- atenderase a aquel alumnado que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica.
- atenderase ó alumnado obxecto dunha adaptación curricular individual.
- continuarase cos apoios realizados no curso anterior, priorizando os cursos inferiores (educación infantil e educación primaria).
- atenderase primeiro aos reforzos que repiten curso dos que non.
- os apoios irán dirixidos prioritariamente a reforzar as aprendizaxes instrumentais.
- os tempos de apoio nunha determinada materia deben corresponderse co horario do seu grupo de referencia co fin de garantir a integración do alumno/a na súa clase.
- a distribución horaria dos apoios será variable segundo a evolución dos alumnos e alumnas e á dinámica do centro.
- a organización dos apoios deberá ser aberta, flexible e suxeita a modificacións dentro do curso.
- é fundamental e preceptiva a coordinación titoría - profesorado de apoio - orientadora.

As decisións sobre o horario de atención a cada alumno/a ou grupo de alumnos/as, así como a modalidade de intervención (individual, en pequeno grupo, dentro ou fóra do aula) será proposta pola xefa do DO, en colaboración coas titorías, profesorado de apoio e xefatura de estudos.

- buscarase a optimización dos recursos humanos do centro, en función das características de apoio que se faga, procurando que ese apoio sexa dentro da aula ordinaria.

## **MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS DE ADSCRICIÓN**

A coordinación constitúe unha condición indispensable para o adecuado funcionamento dun centro educativo sentando as bases para a coherencia das actuacións levadas a cabo no mesmo e para optimizar a súa organización e funcionamento. Esta coordinación ha de ser fluída e continuada no tempo, permitindo así reorientar os procesos organizativos e de ensino de acordo coas dificultades que se vaian detectando.

Na posta en marcha deste Plan xoga un papel importante a CCP, establecendo as directrices e liñas xerais e o Departamento de Orientación, impulsando a concreción e a aplicación anual do Plan e asesorando sobre cuestións relacionadas co mesmo. Pola súa banda, os Equipos de Ciclo deberán adaptar e contextualizar o Plan ó ciclo educativo correspondente, elevando as suxestións e achegas que consideren oportunas ó Departamento de orientación e á CCP.

A nivel máis específico a coordinación podería concretarse do seguinte modo:

Deseñaranse espazos de coordinación periódicos entre o equipo de traballo na atención ó alumnado con neae:

- × unha sesión semanal entre titoría e profesorado de apoio na aula (alumnado con nee e ACS)
- × unha sesión mensual, onde participarán profesorado de apoio, mestre titor/a e orientadora
- × unha sesión trimestral de todo o equipo de traballo

- × contacto periódico coa familia
- × contacto periódico (bimensual/trimestral) cos servizos de atención externa: gabinetes psicopedagóxicos, atención temperá, ...

### **Coordinación Equipos internivel**

- Periodicidade: mensual.
- Contido:
  - ■ Evolución do desenvolvemento xeral do alumnado.
  - ■ Propostas para a mellora do desenvolvemento xeral.
  - ■ Valoración das relacións sociais no grupo.
  - ■ Propostas para a mellora da convivencia.
  - ■ Desenvolvemento e seguimento das adaptacións curriculares.
  - ■ Desenvolvemento e seguimento doutras medidas de atención á diversidade.

### **Titorías, equipo de apoio e Departamento de orientación**

- Periodicidade: semanal / quincenal / mensual.
- Contido:
  - ■ Desenvolvemento das actividades de titoría realizadas cos grupos.
  - ■ Desenvolvemento das medidas de atención á diversidade.
  - ■ Seguimento de programas específicos.
  - ■ Valoración e posta en común da evolución dos grupos.
  - ■ Aspectos relacionados coa convivencia e o desenvolvemento curricular.



- ■ Preparación das sesións de avaliación dos grupos.
- ■ Tratamento da atención individualizada ao alumnado e ás súas familias.
- ■ Coordinación dos equipos docentes.
- ■ Desenvolvemento dos Plans de Prevención
- ■ Etc.

### COORDINACIÓN NO CAMBIO DE NIVEL – ETAPA

Para o cambio de etapa están deseñados uns momentos e xuntanzas de coordinación no remate do curso académico que se recollen nos respectivos Plan de Tránsito a Primaria e Plan de Preparación para a ESO. En ambos casos establécense xuntanzas interetapas para o intercambio de información: titorías, orientadora e xefatura de estudos. No paso á Secundaria os orientadores/as do concello manteremos unha comunicación directa sobre acneae e así mesmo desde Primaria elaboraranse informes sobre todas as medidas de atención á diversidade deseñadas con este alumnado ó longo da súa escolaridade. Neste curso, e dentro da reconfiguración do Plan de preparación para a ESO, estaba previsto iniciar unha análise conxunta de medidas na atención ó alumnado con neae (adaptacións curriculares non significativas) para facer máis fluída a transición interetapa ó noso alumnado. Tamén sería moi interesante poder compartir as liñas pedagóxicas clave dos tres centros do concello e establecer unha maior comunicación e coordinación coa Escola Infantil (0-3) Municipal. Entendemos que pola situación actual, adiaremos este proxecto de cara ó vindeiro curso.

Así mesmo, manteremos unha liña estable de coordinación coa educadora familiar do Concello (unha xuntanza trimestral como mínimo), co persoal da escola infantil municipal, cos gabinetes de atención psicopedagóxica externa (unha xuntanza trimestral e/ou correspondencia periódica), coas profesionais da USM do CHOP (previa a cada revisión de seguimento), co CEIP de Dena e o IES de Meaño (trimestral). Entendemos que este estilo colaborativo estable

de traballo ofrece unha maior coherencia e calidade á atención educativa que prestamos no centro.

## **CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO**

Neste Plan cómpre recomendar unha serie de canles, estratexias xerais e instrumentos que permitan unha comunicación máis estreita coas familias e a súa colaboración na labor educativa do centro. Destacamos as seguintes:

- Reunións colectivas coas familias do alumnado.
- Dedicación horaria á atención individualizada de titores e titoras, orientadora, Equipo Directivo e profesorado en xeral ás familias do alumnado.
- Compromisos de convivencia con familias do alumnado que presente problemas de conduta e aceptación das normas escolares.
- Xuntanzas coas familias do alumnado con neae potenciando a súa colaboración no proceso de avaliación psicopedagóxica, ofrecendo información sobre os resultados da mesma e sobre as medidas educativas propostas.
- Compromisos educativos con familias do alumnado que presente dificultades na aprendizaxe.
- Rexistro de entrevistas cos aspectos tratados e os acordos adoptados coas familias do alumnado.
- Periodicidade e instrumentos concretos a utilizar, para a información e a comunicación regular coas familias: axendas escolares, boletíns informativos, web do colexio, etc.
- Canles para a participación das familias nos distintos órganos do centro, así como nas actividades educativas ordinarias e nas actividades complementarias e extraescolares.

- Reunións coas familias, por niveis e aulas, no comezo de cada curso para difundir os obxectivos educativos e os criterios de avaliación, así como para informar sobre os aspectos máis significativos do Plan de Centro.
- Estratexias de intervención con familias en situación de exclusión social e problemática. No desenvolvemento destas intervencións contarase co asesoramento do departamento de orientación, a colaboración, de ser o caso da educadora familiar e traballadora social, así como a implicación e colaboración dos titores e titoras.
- Apoio e asesoramento ás familias en momentos de crise ou de cambio.
- Información ás familias sobre servizos educativos complementarios: actividades extraescolares, bolsas e axudas, escola de familias, recursos do contorno...

## **8.- XORNADA ESCOLAR.**

### **8.1.- Sesión Única.**

O horario en sesión única é de 8:50 a 14:20. Neste curso realizaranse gardas de transporte escolar na entrada de 9:00 a 9:10 (esperando os titores/as nas aulas para a acollida do paseniño e o resto do profesorado no patio), e na saída de 14:10 a 14:20 (**Anexo 5**).

## **8.2.- Redución horaria.**

Contemplada na Orde do 22 de xullo do 97 (DOGA do 2/9/97) faise a seguinte redución horaria.

### A- Equipos Directivos:

- Dirección: 6 horas
- Xefatura de Estudos: 4 horas
- Secretaría: 4 horas

As horas de libre designación pódense redistribuír entre os membros do Equipo Directivo.

### B- Coordinadores/as e sesións de coordinación:

B.1.-Coordinador/a de Ed. Infantil: 1 sesión

B.2.-Coordinador/a do Equipo de EDLG: 1 sesión.

B.3.-Actividades Extraescolares: 1 sesión.

B.4.-Biblioteca: 3 sesións.

B.5.- Aula Plurilingüe e Plan Proxecta: 1 sesión por cada coordinación.

## **9.- QUENDAS DE RECREO.**

É importante ter en conta a necesidade de situarse durante as quendas de recreo de maneira que se cubra visualmente as principais zonas de xogo, enténdase: zona de construción (paleolítico), pistas de fútbol e baloncesto, patio dos xogos populares, patio de infantil, zona con cuberta e patio da charca.

En Educación Infantil contemplase un profesor/a por cada 25 ou fracción, ocuparanse deste alumnado 3 por día.

En Ed. Primaria será 1 mestre/a por 50 escolares ou fracción, correspóndelle a 3 mestres/as.

Na Ed. Primaria, queremos que nos recreos os escolares poidan ler, consultar información nos ordenadores, participar das propostas que se fan dende o equipo de biblioteca, etc. Por este motivo as quendas de recreo serán de 4 mestres/as, dous nos patios, un no xardín da charca e un na biblioteca.

Importante lembrar que as gardas de recreo non eximen nin da función nin das responsabilidades da función titorial.

Aínda tendo un patio asignado para cada unha das dúas etapas educativas que alberga o centro, o alumnado de Ed. Infantil e Ed. Primaria comparten espazos comúns. Non se impide a libre circulación dos nenos e nenas de infantil ao espazo de primaria, nin do mesmo xeito no sentido inverso, de primaria a infantil. O resultado, entendemos, aporta riqueza, mellora a convivencia, fomenta a igualdade, reduce considerablemente o número de conflitos e propicia un espazo de xogo diverso. Non existen dificultades nin na organización nin no desenvolvemento do tempo de recreo para os nenos e nenas, independentemente da súa etapa educativa. O profesorado terá polo tanto en conta o planteamento de centro a este respecto á hora das gardas asignadas neste tramo da mañá.

## **10.- LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES.**

Hai seis anos esta escola tomou a decisión en Claustro e informando ao Consello Escolar, de prescindir do libro de texto como elemento vertebrador das clases en todas as etapas educativas. Non se solicitarán pois libros ás familias. En 5º e 6º o acceso á plataforma dixital EVA dentro do programa E-DIXGAL, dende a mesma terase acceso a múltiples materiais dixitais e incidirase na busca de información así como no pensamento crítico á hora de xestionar a información. Non obstante é preciso remarcar que dentro do programa E-DIXGAL non se utilizará como referencia metodolóxica de referencia e condicionante o libro dixital. O programa non obriga ao seu uso e o plantexamento pedagóxico que o centro reflectiu no Proxecto Educativo

propugna unha liña metodolóxica que desenvolva un currículo significativo, aspecto este que dende o noso punto de vista non acontece utilizando libro dixital. O obxectivo fundamental é propiciar un escenario metodolóxico que favoreza a consecución das distintas competencias desenvolvidos na orde do BOE do 21 de xaneiro de 2015.

Queda prohibida, distribución ou publicidade de materiais que non teñan vínculo directo coa docencia e a educación.

## **11.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO CONCELLO E ANPA.**

ANPA “A Toxa” e Concello de Meaño reinician neste curso as actividades extraescolares que viñan desenvolvendo con data anterior ao comezo da pandemia.

As actividades que se desenvolven finalmente realízanse no pavillón de deportes anexo á escola e de titularidade municipal, así como na aula de música do centro.

Por parte da ANPA “A Toxa” a oferta concrétase do seguinte xeito:

- Tenis de Mesa.- Luns, mércores e venres de 18:30 a 19:30 horas.
- Ximnasia Rítmica.- Xoves de 16 a 17 horas.
- Baile Moderno.- Martes de 16 a 17 horas

Respecto ás Actividades Extraescolares prestadas por EDUCAOCIO, non se acadaron nun principio as inscricións suficientes Inglés Lúdico e Taller Creativo, polo que non se realizarán.

## **12.- PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE E A FAMILIA.**

Un curso máis, elaborouse unha axenda personalizada para uso de alumnado e familias. Un documento que recolle as dinámicas internas do centro e que

contribuirá a unha maior información do que acontece nas aulas por parte das familias. (**Anexo 7**. Portada de axenda).

Así mesmo, as familias poderán consultar as diferentes bitácoras de aula, especialidades, contexto e biblioteca para estar informados das diferentes actividades que realizan os seus fillos e fillas.

O resto de informacións faranse telemáticamente utilizando a partir deste ano a aplicación Abalar Móbil (corporativa), incluíndo ademais as incidencias de tutoría, centro e a petición de permisos para as diferentes actividades do centro.

Preténdese no presente curso seguir reactivando dinámicas dirixidas á vertebración e participación da Comunidade Escolar, como acción necesaria na escola para recobrar a normalidade. Así, está prevista a convocatoria das Comisións de familias de biblioteca e patio escolar previsiblemente en horario de tarde.

Do mesmo xeito existe vontade e disposición por parte dos axentes implicados na celebración e organización da “Escola de Familias” para retomar as xuntanzas de fin de mes. A persoa coordinadora, a ANPA “A Toxa”, as impresións das familias que asistían, o equipo directivo... todos eles propoñen a oferta deste espazo de intercambio e coñecemento entre as familias.

Sempre que sexa posible buscaremos o maior grao de implicación das familias e a comunidade escolar en xeral nas actividades a realizar. Na Educación Infantil, preténdese non desvincular totalmente os/as alumnos/as das súas familias, e por iso durante o mes de setembro os escolares de 4º de Infantil teñen un *Período de Adaptación* segundo establece a Orde do 22 de xullo de 1997.

### **Acción Titorial.**

Os titores/as exercerán as seguintes funcións:

- a- Facilitar a integración dos alumnos/as no grupo-clase.
- b- Coordinar as tarefas de avaliación dos profesores/as do grupo e adoptar a decisión acerca da promoción dos escolares dun ciclo a outro.

- c- Fomentar no grupo o desenvolvemento de actitudes participativas.
- d- Favorecer nos escolares o desenvolvemento da autoestima positiva cando esta se vira diminuída por fracasos escolares ou doutro xénero.
- e- Orientar e asesorar aos escolares sobre as súas posibilidades educativas.
- f- Implicar aos pais, nais ou titores legais, en actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos/as.
- g- Manter aos pais, nais ou titores legais informados/as daqueles asuntos que afecten á educación dos seus fillos/as.
- h- Manter actualizada a “bitácora de aula” e transmitir nela unha síntese do desenvolvemento da acción educativa do grupo/clase/contexto.
- i- Coordinar co resto de mestras e mestres para garantir unha liña de acción conxunta e coherente co Proxecto Educativo.

Cada titor/a fixará un plan de relación cos pais/nais/, titores legais e cos propios escolares.

### **13.-BIBLIOTECA. Plan Anual de lectura (Anexo 8).**

### **14.- UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.**

Para a utilización das instalacións do Centro por parte de Entidades ou persoas alleas á Comunidade Escolar, presentárase solicitude ante a Dirección do Centro que solicitará do Consello Escolar o perceptivo informe para a súa posterior tramitación á Delegación Provincial de Educación, que resolverá o que proceda, logo do informe da Inspección Educativa. Nesa solicitude indicárase a persoa encargada de abrir e cerrar o centro para a actividade. Para uso ocasional e con carácter excepcional, a Dirección do Centro poderá autorizar o uso das instalacións sempre que non alteren o normal desenvolvemento das actividades docentes.



A utilización das instalacións por parte da ANPA., Sindicatos, Movementos de Renovación Pedagóxica e Grupos de mestres/as, só require a solicitude previa á Dirección cunha antelación mínima de tres días, quen concederá a autorización no marco das directrices fixadas polo C. Escolar sempre que non se altere o normal funcionamento do Centro.

As instalacións do Centro, poranse sempre a disposición da Administración para a formación do profesorado, cursos de Educación de Adultos, etc.

En ningún caso se poderá utilizar o centro para actividades regradas de tipo lucrativo.

Se algunha entidade constituída legalmente solicitase a utilización temporal do recinto, faranse os trámites que ordena a lei que regula a utilización destas instalacións (Resolución do 22 de Xuño de 1.989, DOG. do 14 de Xullo).

## **15- APOIO AO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.**

Destacamos como prioritario a adopción das seguintes medidas:

- Reformulación do Plan axustándoo ó novo Proxecto Educativo de Centro.
- Ampliación e organización de recursos (de elaboración propia e/ou recompilados) a disposición das titorías.
- Organización para compartir de material formativo no ámbito das competencias básicas.
- Promoción de medidas de traballo e coordinación para consolidar a nova liña metodolóxica do centro.
- Análise da dinámica dos grupos e das necesidades en diferentes ámbitos: motivación fronte as aprendizaxes escolares, nivel de atención, competencias básicas e mellora da convivencia.
- Asesoramento para actuacións das titorías a nivel de alumnado e familias.

- Plan de acollida dos novos docentes, incluíndo profesorado da fase de prácticas e documentación de principio de curso.
- Colaboración coas titorías para reforzar unha relación fluída coas familias.
- Colaboración coa xefatura de estudos na coordinación coas titorías.
- Facilitar ao profesorado material para o coñecemento do alumnado.
- Asesoramento e participación nas sesións de avaliación.
- Promoción da participación do alumnado na vida do Centro Educativo, a través de diferentes canles: Consello Escolar Infantil, xunta de delegados/delegadas, Brigada Verde, etc.
- Asesoramento na implementación de medidas de atención á diversidade: reforzo, adaptacións curriculares non significativas...
- Seguimento personalizado do alumnado a través do titor/a.
- Cooperación na relación titores/as–familias para a solución de problemas que afecten ós seus fillos e fillas.

## **16.- PROGRAMAS E/OU PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.**

### **16.1. Centro Plurilingüe.**

A escola ten denominación de Plurilingüe dende o curso 2015-2016. Na actualidade a materia de educación física será impartida en lingua inglesa nos cursos de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria. Estas horas de educación física terán o apoio da auxiliar de conversa asignada (Marian Joyce Valera).

### **16.2.- Plan Proxecta.**

Dous son os programas que se solicitaron (agardando neste intre pola publicación de centros aceptados na web da Consellería de Educación):

### “Proxectos de Vida Activa e Deportiva”:

Plan centrado especificamente no deporte escolar e os hábitos saudables, as boas prácticas, relacións sociais con outros centro educativos e estratexias de resolucións de conflitos que aplicar nas variadas situacións que acontecen. No presente curso dirixirase ao desenvolvemento do PDC (Plan Deportivo de Centro) e tamén o XOGADE.

### “Fotografía en curso”:

Programa para a posta en valor e xestión do elemento visual/fotográfico como canle para acceder ao currículo.

## **16.3.- PFP.**

Equipo directivo e departamento de orientación e claustro en xeral coinciden en considerar a formación permanente do profesorado como o principal activo para avanzar e mellorar no modelo metodolóxico, na mellora da calidade educativa e na escola que queremos. A participación en cursos anteriores en Plan de Formación Permanentes posibilitaron ao Claustro de mestres e mestras da nosa escola poder coñecer de primeira man as propostas pedagóxicas de persoeiros destacados e de referencia no panorama estatal no mundo da educación, nos seus máis diversos ámbitos.

No presente curso plantéxase un Plan de formación con dúas áreas principais de acción:

- Formación en Deseño Universal de Aprendizaxe.
- Formación en linguaxe de programación e robótica en xeral.
- Plan dixital de centro: Ante a necesidade de elaborar antes do remate do presente curso un documento que recolla a realidade dixital da escola, a Consellería establece a obrigatoriedade de formación neste ámbito para as persoas que formen parte da comisión de redacción do plan.

- Non se descartan formacións específicas ao longo do curso que teñan cabida dentro do perfil de documento do noso PFPP e que supoña un aporte relevante aos procesos metodolóxicos da escola.

Por outro lado, os Contratos-Programa deben estar ligados a un plan de formación que se vinculará ao PFPP do centro (no caso de xa existir este). Está acordado coa coordinadora do CFR o formato e deseño que seguirá dita formación, dirixirse principalmente a aqueles ámbitos nos que participa todo o profesorado (INCLÚE-T, CONVIVE, científico/matemático, lingüístico, excelencia, etc).

Debemos deixar constancia nesta PXA de que todo o claustro ao completo inscribiuse no PFPP do curso 2022-23.

#### **16.4.- ABALAR/ E-DIXGAL.**

Este centro educativo participa no proxecto ABALAR e no programa E-DIXGAL. O alumnado participante pertence aos cursos de 5º (18 alumnos e alumnas) e 6º (16 alumnos e alumnas) de educación primaria. Ampliar a competencia dixital do alumnado e facilitar o acceso á información dixital mediante o uso de ordenadores portátiles e ir modificando paulatinamente os canles de secuenciación de contidos son algúns dos obxectivos que se plantexa o centro con este proxecto.

O coordinador de ambos é o mestre Javier Enrique Mur Isaiz, titor do 5º curso.

#### **16.5.- Bibliotecas Creativas.**

A escola de Meaño continúa neste curso na robótica por medio do Programa “bibliotecas creativas” (antigamente “*Escornabots*”) impulsado por *Bibliotecas Escolares*. Achegar e familiarizar ao alumnado á linguaxe da programación e expor actividades matemáticas significativas eríxense como os obxectivos principais deste programa.

## **16.6.- Contratos-Programa.**

Os Contratos-Programa son sen dúbida un elemento angular para o funcionamento e vertebración do Proxecto Educativo do CEIP P. de Meaño-As Covas. Están presentes practicamente dende o comezo do novo proxecto e ano a ano cobran maior presenza e razón de ser. Os Contratos-Programa son o elemento de viabilidade de gran parte do soporte material, de recursos didácticos, de implementacións metodolóxicas e de accións transformadoras.

O programa vertebrase en dous grandes bloques de acción que levan por nome: CPIInnova e CPIInclúe.

O CEIP P. de Meaño-As Covas solicita as dez melloras (cinco e cinco) que abranguen as denominacións anteriores:

### **CPIInnova:**

EDUinnova

EDUexcelencia

EDUsaúde

EDUsostibilidade

EDUcalidade

### **CPIInclúe:**

QUÉDA-T.

IGUÁLA-T.

CONVIVE-T.

INCLÚE-T.

EMOCIÓNNA-T

No momento de aprobación desta PXA non coñecemos a resolución dos centros admitidos.

### **16.7.- PLAMBE.**

Dende hai 13 anos o CEIP Plurilingüe de Meaño-As Covas xestiona a biblioteca escolar como centro acollido ao PLAMBE. Isto supuxo un cambio fundamental na posta en valor da biblioteca de centro e o traballo que dende ela se coordina e propón para todas as aulas. O presuposto previsto para este curso é o seguinte: PLAMBE (2000€) + Bibliotecas creativas (pendente asignación) + PLAN LIA (descoñécese se existirá asignación este curso) + 5% do presuposto do colexio (750 aprox.).

### **16.8.- Programa XOGADE.**

Para o curso escolar 2022/23, recuperamos para a presente tempada a práctica deportiva en idade escolar promovida polo programa Xogade, iso de acordo á normativa e protocolos establecidos para cada unha das actividades.

As actuacións do programa no CEIP Plurilingüe de Meaño – As Covas para a tempada 2022/23 son:

- Actividade deportiva escolar.
- Proxecto de vida activa e deportiva.

O proxecto de Vida Activa e Deportiva (PVAD) busca coordinar todos os esforzos da comunidade educativa dentro e fóra do horario lectivo e dentro e fóra do centro escolar para aumentar a actividade física saudable dos nosos escolares dentro do Plan Galicia Saudable. O Xogade é unha ferramenta a incluír no PVAD e unha maneira de participar no marco do Plan Proxecta. Levaranse a cabo xornadas deportivas entre os centros da zona do Val do Salnés e realizaremos actividades coma o campo a través co alumnado de educación primaria.

### **16.9.- Plan de igualdade.**

Durante este curso de maneira transversal nesta situación como xeito para xerar actitudes asertivas, empáticas e derrubar prexuízos asentados na sociedade actual.

### **16.10.- Centro referente en dereitos da infancia e cidadanía (UNICEF).**

Adaptarase o desenvolvemento do plan de actación ao que se compromete o centro con UNICEF a realizar nos vindeiros dous anos. No momento de redacción deste documento contémpanse varias opcións á espera tamén a realizar o 1º Consello Escolar da Infancia e coñecer as posibilidades ou opcións que percibe o alumnado.

### **16.11.- Plan Madruga.**

O Plan madruga atópase no cuarto ano de funcionamento. O seu horario será de luns a venres dende as 07:30 ás 09:00 h.

### **16.12.- Paseniño. Entradas amables.**

Ás 09:00 h ábrense as portas da escola. Alumnado e familias poden dende ese momento acceder ao interior dos edificios e ás aulas de referencia para as súas fillas e fillos. O profesorado encargado en cada aula da primeira sesión da mañá agardará na clase a chegada do alumnado e familias. O “Paseniño” é un tramo horario da mañá de proximidade que permite e suxire un achegamento entre adultos e nenos/as nun contexto máis informal. Ao mesmo tempo permite coñecer ou intercambiar informacións de importancia ao respecto do alumnado.

Non se debe confundir cun tempo de titoría.

O profesorado titor de cada aula disporá de espazos, materiais lúdicos e lecturas que complementen ese tramo horario. Potenciarase entre os nenos, nenas e familias un clima de benvida distendido e de acollida.

O “Paseniño” introducirá na maioría das ocasións á celebración do seguinte tramo horario da mañá: As “Asembleas de aula”, disposición en gran grupo onde o valor da palabra, do aprender a escoitar, do debate, da exposición de ideas cobra especial relevancia.

A música será un elemento vertebrador deste espazo horario. Nos dous edificios que conforman o centro xunto cos espazos exteriores soará música cun volume contido e sempre con matices sonoros que inviten e propiciar un clima amable de acollida. Músicas acústicas, diversas e, prioritariamente, instrumentais.

O “Paseniño” pretende tamén introducir na dinámica de escola unha entrada flexible e pausada ao recinto escolar, evitando accesos ao interior masivos e apelotonados, onde se dilúe a proximidade e aumentan as tensións entre o alumnado.

Existirá profesorado de garda nos espazos exteriores do centro durante a celebración do “Paseniño”, no caso das nenas e nenos de Ed. Infantil realizarase con elas/eles un labor de guía/acompañamento ata as súas aulas, no caso de que accedan ao recinto escolar dende o servizo de transporte.

### **16.13.- Músicas dos cambios horarios e recreos.**

Os criterios de organización deste programa teñen, en certa maneira, moitas similitudes coas da biblioteca escolar. Trátase fundamentalmente de achegar novas músicas e novos estilos musicais ao alumnado, dun xeito funcional e contextualizado. A música como elemento diverso. Estamos convencidos/as de que escoitar músicas diversas contribúe dalgún xeito a formar cidadáns diversos/as, por iso ao longo do curso realizaranse distintas seleccións que inclúan amplos espectros temáticos, estilísticos e cronolóxicos. As músicas dos cambios horarios platexaranse do seguinte xeito:

- Música de acceso ao centro/ música de regreso do recreo: “Mi genética” (Amparanoia).



- Música dos cambios horarios: cambia cada 20 días aproximadamente.
- Música dos recreos: seleccións de 28 minutos que cambian periodicamente.

#### **16.14.- PDI de centro. (Anexo 8. Plan anual de lectura).**

#### **16.15.- Centro APFrato.**

No mes de setembro de 2020 a Asociación Pedagóxica Francesco Tonucci validou ao CEIP P. de Meaño-As Covas como “escola amiga de APfrato”. Na práctica este vínculo tradúcese nun compromiso máis fundado na aposta por unha escola vinculada á infancia e ao desenvolvemento dos seus dereitos. Ao mesmo tempo o centro comprométese a divulgar a obra do insigne pedagogo italiano.

#### **16.16.- Erasmus +.**

CEIP P. de Meaño-As Covas participa por vez primeira no programa de ámbito europeo Erasmus+. En base a el, a escola desenvolverá durante os tres vindeiros cursos un proxecto compartido con escolas de Portugal, Italia e Turquía. O foco de acción dirixirase á existencia e creación de espazos inclusivos, como estes repercuten na mellora dos centros educativos e o desenvolvemento integral do alumnado.

O Erasmus + contempla mobilidade, tanto do alumnado como do profesorado. Existe información interna sobre os desprazamentos e accións que se realizarán ao longo do presente curso.

#### **16.17.- Polos creativos.**

Os Polos Creativos consistirán na habilitación e deseño dun espazo modular e innovador. Estarán dotados de equipación especializada, ocuparán o espazo da antiga aula de inglés no edificio novo máis a aula contigua. Organizaranse didacticamente para fomentar a creatividade a través da superación de retos, a

consecución de proxectos, a resolución de problemas, a realización de prototipos, a construción de resultados tanxibles, etc.

Enfocaranse á aprendizaxe conxunta, colaborativa e comunitaria. Tamén poderá albergar prácticas de investigación e experimentación. Terán unha visión ampla e integral do coñecemento e dos retos tecnolóxicos e dixitais en todos os campos do saber (humanidades, arte, ciencias sociais e naturais, artesanía, etc).

Funcionarán como centro de actividades no que se traballe a intelixencia artificial e outras tecnoloxías intensivas, o procesado audiovisual e artístico, a realidade virtual e a impresión 3D, as tecnoloxías de control computerizado e fabricación aditiva, o mecanizado de diferentes materiais, a electromecánica, a robótica e os microcontroladores, entre outras.

Serán, por tanto, espazos abertos ás comunidades locais para favorecer o desenvolvemento de competencias dixitais e científico-tecnolóxicas e artísticas do conxunto da cidadanía, polo que ofertarán actividades formativas para os diversos colectivos. En concreto, facilitará a solución conxunta de problemas coa participación de alumnado, profesorado e familias, e fomentará especialmente aquelas accións que impliquen a participación de nais e pais xunto cos seus fillos e fillas en actividades tanto de formación como de creación.

## **17.- HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.**

O horario de atención ao público do equipo directivo será todos os días en horario de 09.10 a 09,55h. no despacho de dirección do centro.

O profesorado terá a hora de titoría coas familias os martes a partir das 18.00h. Excepcionalmente, previo aviso por parte da familia, o profesorado poderá atendelas noutro horario, sempre e cando isto non interfira na súa labor docente ou nas reunións concertadas pola dirección do centro, acadando así a flexibilidade necesaria para colaborar na conciliación da vida familiar.

## **18.-TRANSPORTE ESCOLAR.**

O CEIP Plurilingüe de Meaño As Covas ten tres contratos de transporte asignados (un de educación e dous integrados). Neles transpórtase a un total

de 72 alumnos e alumnas no servizo de entrada e 73 no de saída. A distribución de alumnado por parada e contrato é a que segue:

- Contrato Educación: ED3610 (Entrada e saída). Empresa UTE Salnés.

Ord.	Parada (Entrada)	km	Inf.	Pri m.	ES O	C B	FP	EE	Out r.	Tot al
0	CEIP P. de Meaño-As Covas	0,0	0	0	0	0	0	0	0	0
1	Galiñáns	0,5	1	0	0	0	0	0	0	1
2	Vilariño	0,8	3	14	0	0	0	0	0	17
3	Igrexa	1,3	3	6	0	0	0	0	0	9
4	Axís	0,8	1	5	0	0	0	0	0	6
5	Freixeiro	1,3	0	8	0	0	0	0	0	8
	<b>TOTAIS</b>	4,69	8	32	0	0	0	0	0	41

Ord.	Parada (Saída)	km	Inf.	Pri m.	ES O	C B	FP	EE	Out r.	Tot al
0	CEIP P. de Meaño-As Covas	0,0	0	0	0	0	0	0	0	0
1	Galiñáns	0,5	1	0	0	0	0	0	0	1
2	Vilariño	0,8	4	13	0	0	0	0	0	17
3	Igrexa	1,3	2	6	0	0	0	0	0	8

4	Axís	0,8	1	4	0	0	0	0	0	5
5	Freixeiro	1,3	0	9	0	0	0	0	0	9
	<b>TOTAIS</b>	4,69	8	32	0	0	0	0	0	40

- Contrato Integrado XG695 (Entrada e saída). Empresa Rías Baixas.

Ord.	Parada (Entrada/ Saída)	km	Inf	Prim	ES O	CB	FP	EE	Outr.	Total
0	CEIP P. de Meaño-As Covas	0,0	0	0	0	0	0	0	0	0
1	Ponte Caxoi	1,5	2	3	0	0	0	0	0	5
2	Laxe	0,3	2	2	0	0	0	0	0	4
3	Arcas (Palaimo)	0,2	0	2	0	0	0	0	0	2
4	Paradela	3,1	3	5	0	0	0	0	0	8
	<b>TOTAIS</b>	5,1	7	12	0	0	0	0	0	19

- Contrato Integrado XG695 (Entrada e saída). Empresa Rías Baixas.

Ord.	Parada (Entrada)	km	Inf.	Prim	ESO	CB	FP	E E	Outr.	Total
0	CEIP P. de Meaño-As Covas	0,0	0	0	0	0	0	0	0	0
1	A Xolda	0,3	1	5	0	0	0	0	0	6
2	Río (Cidrón)	0,7	0	2	0	0	0	0	0	2
3	Pereiras	0,9	2	2	0	0	0	0	0	4
	<b>TOTAIS</b>	1,9	3	9	0	0	0	0	0	12

Ord.	Parada (Saída)	km	Inf.	Prim	ESO	CB	FP	E E	Outr.	Total
0	CEIP P. de Meaño-As Covas	0,0	0	0	0	0	0	0	0	0
1	A Xolda	0,3	1	7	0	0	0	0	0	8
2	Río (Cidrón)	0,7	0	2	0	0	0	0	0	2
3	Pereiras	0,9	2	2	0	0	0	0	0	4
	<b>TOTAIS</b>	1,9	1	14	0	0	0	0	0	14

## **19.- ESCOLA DE FAMILIAS.**

Como xa se indicou en apartados anteriores, existe vontade no presente curso de continuar coas dinámicas relacioandas coa Escola de Familias.

Grazas á colaboración do CFR, plantexarese a posibilidade de contar cunha formación externa que complemente e enriquezca as sesións deseñadas pola Asociación Avanta, entidade coordinadora da Escola.

Exponse a continuación o formato de realización:

O último venres de cada mes, un grupo estable de familias que ronda as 25/30 xúntase na *Biblioteca* do colexio para tratar e abordar temáticas relacionadas co ensino e coidados dos nen@s. A actividade está coordinada polo centro educativo xunto coa ANPA “A Toxa”. Cóntase tamén coa participación da *Asociación Avante* para guiar e propoñer as situacións de debate de cada xuntanza. En funcionamento dende o curso pasado atópase plenamente consolidada.

Valoramos, ademais do feito en si participativo das familias, o efecto multiplicador e xerador de corrente de opinión que ten entre o resto da comunidade educativa. Coordinaranse no transcurso das xornadas da escola de familias con intervencións concretas de relatores habituais e colaboradores do CFR de Pontevedra. Esta actividade está enmarcada dentro da plan de ampliación de formación que se ofrece como novidade aos centros de Infantil e Primaria no actual curso.

## **20.- PLAN DIXITAL. (Anexo 9).**

Asinado polo Equipo Directivo en:

Meaño a 11 de Outubro de 2022

#### O EQUIPO DIRECTIVO

Paulo Nogueira Porto

(Director)

Raquel Vilanova de la Torre

(Xefa de Estudos)

Alberto Giadanes Abel

(Secretario)

# ANEXOS

1. Proxecto lingüístico.
2. Proxecto de fomento do uso do galego.
3. Actividades Departamento Orientación.
4. Plan actividades extraescolares.
5. Gardas Paseniño e Devolta.
6. Gardas de Recreo.
7. Axenda.
8. Plan anual de lectura.
9. Plan Dixital.
10. Horario do profesorado.
11. NOF.
12. Funcionamento xeral do centro.
13. Actividades complementarias. Comedor.